

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA
DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A INTEGRACIÓN DAS BIBLIOTECAS
PÚBLICAS MUNICIPAIS NO CATÁLOGO COLECTIVO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS
DE GALICIA

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017


REUNIDOS:

Don Román Rodríguez González, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991.

Dona M^a del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

E Don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral Ordinaria de 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral de 30 de outubro de 2015.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,


EXPOÑEN:

PRIMEIRO.-

Que as institucións, asumindo as responsabilidades que legalmente lles corresponden na creación de recursos de lectura pública, consideran oportuno xuntar esforzos e cooperar na mellora do acceso ao libro e á lectura, facilitándolles aos cidadáns unha

lectura gratuita e un lecer creativo e enriquecedor, favorecido polas novas tecnoloxías que abren novas posibilidades para satisfacer tales demandas a través dos servizos bibliotecarios.

SEGUNDO.-

Que na Lei 5/2012, de 15 de xuño, de Bibliotecas, establece que a dirección e a coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas serán exercidas pola consellería competente en materia de bibliotecas a través do centro directivo competente nesta materia. Corresponde ao órgano administrativo de dirección e coordinación a adaptación aos cambios tecnolóxicos, sociais e profesionais que afecten aos servizos bibliotecarios.

TERCEIRO.-

As bibliotecas públicas aplicarán os procedementos e programas normalizados de xestión bibliotecaria que determine o órgano de dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas para garantir a máxima interoperabilidade e normalización técnica, sempre que así o manifesten expresamente e segundo as fases temporais de implantación técnica que se determine pola Xunta de Galicia.

CUARTO.-

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolólica de Galicia van implantar na Rede de Bibliotecas de Galicia un novo Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria, un software libre de código aberto baseado na plataforma Koha.

O novo programa substituirá aos diferentes sistemas de xestión bibliotecaria de que dispoñían ata o de agora as bibliotecas públicas da Rede: o programa Meiga, aplicación informática de desenvolvemento propio da consellería que foi cedido gratuitamente á meirande parte das bibliotecas, Koha menos desenvolvido que o actual que se ofrece e AbsysNet.

O novo sistema de xestión bibliotecaria que se ofrece, ademais de conseguir mellorar o servizo bibliotecario para os usuarios de cada biblioteca e da Rede en xeral ao crearse un catálogo único accesible a través da web <https://rbgalicia.xunta.gal>, os usuarios terán un carné único de bibliotecas que dá acceso a todos os servizos de todas as bibliotecas públicas integradas, á vez que se normalizara e se simplifica a catalogación das coleccións, etc. Con este sistema será unha realizade o funcionamento común de todas as bibliotecas integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia así como a mellora do servizo para os usuarios e usuarias.

QUINTO.-

A integración no Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, supón para a biblioteca:

- a) Un programa de xestión bibliotecaria único para toda a rede, impulsando un sistema bibliotecario más desenvolvido e moderno.
- b) O acceso do cidadán aos servizos de todas as bibliotecas públicas da rede.
- c) A mellora da visibilidade dos fondos dos centros. Poder consultar a través dunha páxina única en liña en que biblioteca está o documento que busca e reservalo.
- d) Unha xestión máis eficiente dos recursos dispoñibles, grazas á integración de datos. A unificación de políticas e procedementos de funcionamento e a redución de tempos dedicados aos procesos técnicos.
- e) O carné único da Rede de bibliotecas de Galicia.

SEXTO.-

Amtega, como axencia pública autonómica, ten por obxectivo a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicación, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

SÉTIMO.-

É de interese para a Fegamp colaborar, dentro dos seus fins estatutarios, coa Xunta de Galicia na integración das bibliotecas públicas municipais no catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

Que, en virtude do exposto anteriormente, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes para a integración das bibliotecas e axencias de lectura pública municipal, no Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, así como o establecemento dos dereitos e das obrigas que, derivadas da dita integración, lles corresponden a cada unha das partes asinantes.

O Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia é o instrumento que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Amtega poñen a disposición das bibliotecas e axencias de lectura públicas galegas coa finalidade de mellorar os servizos que o conxunto destes centros ofrecen á ciudadanía.

SEGUNDA.- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do presente convenio abrangue a toda a Administración Local de Galicia, incluíndo as Entidades locais territoriais e non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

TERCEIRA.- Adhesión ao convenio

As Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión ao presente convenio mediante o modelo que figura como Anexo I ao presente convenio no que figurarán as obrigas e responsabilidades que asume a entidade local.

En todo caso, as Entidades Locais que se adhiran ao presente convenio comprométense a:

- a) Colaborar no proceso de migración de datos de rexistros e de lectores da biblioteca ao novo programa de xestión bibliotecaria e no resto dos procesos técnicos que requira a súa posta en marcha.
- b) Cumprir as normas técnicas de funcionamento da Rede de bibliotecas públicas de Galicia para, entre outros, a:
 - Alta de exemplares
 - Catalogación se procede
 - Política de préstamo
 - Rexistro de lectores
- c) Manter un único rexistro de usuario por lector para toda a Rede de bibliotecas públicas de Galicia e utilizar o carné de lector da rede segundo o formato de tarxeta de lector da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- d) Comunicar as incidencias a través das canles establecidas pola Xunta de Galicia.
- e) Colaborar coa Xunta de Galicia na formación e perfeccionamento dos encargados dos servizos bibliotecarios municipais, outorgándolle permiso para asistir ás accións formativas que se organicen, relacionados co novo programa de xestión bibliotecaria.

- f) Contar co equipamento informático necesario para a implantación e mantemento do novo programa de xestión bibliotecaria.
- g) Asumir, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

CUARTA.- Obrigas comúns das partes

Co obxectivo de facilitar a planificación conxunta e coordinación das actuacións, as partes asinantes comprométense ao intercambio de toda a información no que atinxé á posta en funcionamento do catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

QUINTA.- Obrigas da Xunta de Galicia

- a) Migrar os datos existentes (rexistros e usuarios) nos actuais programas de xestión bibliotecaria (Meiga, Koha, AbsysNet) ao novo programa de xestión bibliotecaria para formar parte do Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- b) Manter o novo programa de xestión bibliotecaria.
- c) Actualizar o software de xestión bibliotecaria implantando novas versións ou mediante o seu desenvolvemento para a súa adecuación ás necesidades da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- d) Coordinar e asesorar ás bibliotecas nos procesos técnicos de xestión do Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- e) Adoptar e adaptar para a Rede de bibliotecas públicas de Galicia as normas bibliográficas internacionais e outros estándares de xestión e intercambio da información, e elaborar os procedementos técnicos de xestión do Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- f) Promover a realización de cursos ou calquera tipo de actividades formativas co fin de formar aos profesionais das bibliotecas na nova ferramenta de xestión.

SEXTA.- Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias

- a) A Federación Galega de Municipios e Provincias trasladará ás Entidades Locais o presente convenio e promoverá a súa adhesión a el.

- b) Difundirá as características desta actuación, o texto do convenio e o marco de colaboración que del se derive, así como o procedemento e tramitación precisa para a súa adhesión entre as Entidades Locais galegas que seleccione a Xunta de Galicia, para integrar as súas bibliotecas ou axencias de lectura no catálogo colectivo da Rede de bibliotecas de Galicia.
- c) Levará a cabo as labores de intermediación entre as partes cando se lle solicite e estea dentro dos seus fins.

SÉTIMA.- Comisión de Seguimiento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente Convenio creárase unha Comisión paritaria de seguimento, formada por un/unha representante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un/unha representante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e un/unha representante da Federación Galega de Municipios e Provincias. Será presidida polo/a representante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A Secretaría da Comisión de Seguimento será exercida por un/unha funcionario/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con nivel mínimo de xefe de servizo.

OITAVA.- Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo da súa prórroga por períodos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo unánime entre as partes asinantes, manifestado con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia.

NOVENA.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarse mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio.



DÉCIMA.- Resolución do convenio

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de tres meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Financiamento

O presente convenio non supón novos compromisos económicos adicionais para as partes asinantes.

DÉCIMO SEGUNDA.- Consentimento da inclusión de datos

As partes asinantes consenten a inclusión dos datos relevantes deste convenio e os seus protocolos de adhesión nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia ou a Amtega.

DÉCIMO CUARTA. Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro , de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71) e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen xurdir sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión paritaria de seguimento prevista na cláusula oitava do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por tripulado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia O presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias

Roman Rodríguez González

M.ª del Mar Pereira Álvarez

Alfredo L. García Rodríguez

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Presidencia

ANEXO I

D./Dona (nome e cargo), en representación de (Entidade Local),

DECLARA:

Que segundo o disposto no (artigo_relativo_representar_entidade), en virtude do acordo adoptado en (órgano_e_data_no_que_se_acorda_a_adhesión), órgano competente segundo o disposto no (artigo_relativo_competencia_órgano_toma_decision) SOLICITA a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a integración das bibliotecas públicas municipais no Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, assumindo as súas obrigas e compromisos e con suxección plena a todas elas.

A (Entidades Local) comprométese a:

- h) Colaborar no proceso de migración de datos de rexistros e de lectores da biblioteca ao novo programa de xestión bibliotecaria e no resto dos procesos técnicos que requira a súa posta en marcha.
- i) Cumprir as normas técnicas de funcionamento da Rede de bibliotecas públicas de Galicia para, entre outros, a:
 - Alta de exemplares
 - Catalogación se procede
 - Política de préstamo
 - Rexistro de lectores
- j) Manter un único rexistro de usuario por lector para toda a Rede de bibliotecas públicas de Galicia e utilizar o carné de lector da rede segundo o formato de tarxeta de lector da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- k) Comunicar as incidencias a través das canles establecidas pola Xunta de Galicia.

- l) Colaborar coa Xunta de Galicia na formación e perfeccionamento dos encargados dos servizos bibliotecarios municipais, outorgándolle permiso para asistir ás accións formativas que se organicen, relacionados co novo programa de xestión bibliotecaria.
- m) Contar co equipamento informático necesario para a implantación e mantemento do novo programa de xestión bibliotecaria.
- n) Asumir, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

(Lugar, data e sinatura)

